



ORDENANZA 3.23
TAXA POR POSTOS E CASETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS OU ATRACCIÓN S
SITUADOS EN TERREO DE USO PÚBLICO E POR VENDA DE ARTESANÍA NAS
RÚAS, VENDA AMBULANTE E RODAXE CINEMATOGRAFICA

Artigo 1º. Fundamento e natureza

De conformidade co disposto no artigo 20.1.A) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLFL), este Concello establece a taxa por utilización s privativas ou aproveitamentos especiais derivados da ocupación da vía pública ou terreos de uso público con postos e casetas de venda, espectáculos ou atracción s, e por venda de artesanía nas rúas, venda ambulante e rodaxe cinematográfica, a que se refire o art.20.3. n) do TRLFL, que se rexirá pola presente Ordenanza fiscal, cuas normas atenden ó previsto no artigo 57 do citado Real Decreto Legislativo e na Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública do Concello de Santiago de Compostela.

Artigo 2º. Feito imponible

Constitue o feito imponible da presente taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local pola ocupación do mesmo por postos e casetas de venda, espectáculos ou atracción s, así como por industrias callejeras e rodaxe cinematográfica.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuintes, as personas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o art. 35.4 da Lei 58/2003, de 17 e decembro, Xeral Tributaria que disfruten, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local , en beneficio particular.

Artigo 4º. Base imponible

A base imponible está constituída polo número de metros cuadrados de dominio público local ocupados polos postos e casetas de venda, polos espectáculos ou atracción s así como polas industrias callejeras .

Artigo 5º. Cota tributaria

1. A cota tributaria resultará de aplicar á base as seguintes cantidades :

- a) No caso de venda ambulante na rúa Nova 44,62 €/ano/m2
 - b) No caso de venda ambulante no mercado
de salgueiriños 53,31 €/ano/m2
 - c) No caso de venda ambulante na praza de Ameas 76,83 €/ano/m2
 - d) No caso de venda ambulante na praza do Obradoiro 27,59 €/ano/m2
 - e) No caso de venda de xelados e castañas 39,95 €/ano/m2
 - f) No caso de venda de lambetadas..... 12,75 €/ano/m2
 - g) Por cada posto ou caseta de venda
 - Ata 6 m2 1,10 €/mes/m2
 - De 6 a 10 m2..... 2,15 €/mes/m2
 - Máis de 10 m2..... 3,19 €/mes/m2
2. No caso de rodaxes cinematográficos, espectáculos, atraccións e similares, pagarase unha cantidade fixa de 354,13 €/día.

Artigo 6º. Periodo impositivo e obriga de contribuir

1. Cando o feito imponible esté constituído polo exercicio da venda ambulante ou pola utilización privativa do dominio público con casetas e postos de venda o período impositivo coincide co ano natural, agás cando se trate de supostos de inicio da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, en cuio caso abarcará desde a data da concesión da autorización municipal ata o remate do ano natural.
2. Asemesmo e para estes casos, a taxa devéngase o 1 de xaneiro de cada ano e as cotas serán irreducibles, salvo cando nos casos de inicio da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local a data de inicio non coincida co ano natural, de tal xeito que neste caso as cotas calcularánse proporcionalmente ó número de trimestres naturais que resten para rematar o ano, incluído o de comenzo da utilización ou aproveitamento especial.
3. No caso de cese na utilización privativa ou aproveitamento especial as cotas serán prorrateables por trimestres naturais, computando no prorrateo aquel no que se produce o cese.
4. Cando o feito imponible esté constituído pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público pola realización de rodaxes cinematográficas, espectáculos, atraccións e similares nos que a cota tributaria establécese nunha cantidade fixa por día, o período impositivo abarcará os días que figuren no acordo de concesión da autorización, devengándose a taxa o día de inicio da utilización privativa ou aproveitamento especial

Artigo 7º. Normas de xestión

1. O pago das débedas tributarias correspondentes á taxa por venda ambulante e por postos e casetas de venda realizarase semestralmente mediante a expedición de recibos en base ao censo no que figuran os suxeitos pasivos da presente taxa.
2. Nos supostos de ocupacións temporais os suxeitos pasivos están obrigados a presentar a solicitude e abonar a autoliquidación da taxa resultante na Caixa de Recadación ou nas entidades bancarias debidamente autorizadas, o que se deberá acreditar no momento de presentar a correspondente solicitude.

Artigo 8º. Beneficios fiscais

1. Gozarán dunha bonificación do 50% da débeda tributaria os rodaxes cinematográficos e similares, sempre que se acredite documentalmente que o produto resultante contribúe de xeito destacado á promoción da cidade e se faga constar a colaboración do Concello de Santiago nos créditos e na promoción dos films.
2. Gozarán dunha bonificación do 50% da débeda tributaria os circos en función das especiais características desta actividade
3. Os interesados deberán solicita-lo beneficio fiscal no momento de presenta-las solicitudes de autorización para ocupación da vía pública no Concello.
4. O beneficio fiscal resolveráse por acordo da Xunta de Goberno Local previo informe do Servicio de xestión, inspección e recadación tributaria.

Artigo 9º. Infraccións e sancións

Para todo o relativo á calificación das infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Disposición derradeira

A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día oito de novembro de dous mil catro. Se non se presentan reclamacións enténdese aprobada definitivamente. Comezará a aplicarse a partir do primeiro de xaneiro do ano dous mil cinco, e aplicarase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación